
Xornada de presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía en Cambre

O Alcalde de Paderne, César Longo, está a participar na “Xornada de presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía” que este día 19 de novembro está a ter lugar en Cambre.

Organizada pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, trata de proporcionar información dos obxectivos que persegue o Pacto dos Alcaldes e os compromisos que asume cada concello coa súa adhesión.

O Concello de Paderne posúe un compromiso engadido co medio ambiente ó ser tamén o seu alcalde Vicepresidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, feito que de por si xa implica a defensa de valores climáticos e medioambientais acordes coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.



A Reserva de Biosfera presentou, neste marco, o Plan de Xestión posto en marcha incidindo nos proxectos que teñen que ver co peche de ciclos de produción e o consumo local de alimentos, así como a recuperación da espazos naturais fluviais e a concienciación en torno ós valores ambientais da Reserva e o Ecoturismo.
